

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓN UNIVERSITARIAS SÉNIORS PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA FORMATIVO “BANCA DIXITAL SENIOR”, ORIENTADO A FOMENTAR O USO DA TECNOLOXÍA LIGADA Á BANCA DIXITAL ENTRE O COLECTIVO DE PERSOAS MAIORES

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Xerente da Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ten previsto formalizar coa Federación Galega de Asociacións Universitarias Séniors (en adiante Fegaus), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre ambas institucións para o acadar o obxectivo marcado de dotar ao conxunto da cidadanía das competencias dixitais necesarias para desenvolverse no actual contexto dixital, darase continuidade á colaboración que a Amtega e Fegaus veñen realizando desde fai anos como aliados dixitais do Plan de inclusión dixital de Galicia no desenvolvemento de actividades de capacitación dixital orientadas ás persoas maiores.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase, por unha parte *Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos* que no seu artigo 9 establece que a Amtega ten entre as súas competencias o impulso, asesoramento técnico e apoio en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Pola outra banda, a Fegaus, ten entre os seus fins apoiar e defender un modelo aberto e participativo de formación continua ao longo de toda a vida.

Existe unha correspondencia entre os obxectivos da Fegaus, a Amtega e os que constitúen o obxecto do presente convenio.



A achega económica da Amtega ao abeiro do convenio que se pretende formalizar ten un carácter de interese público, e contribuirá a desenvolver plans de formación que fomenten a adquisición de competencias dixitais e autonomía das persoas maiores, con foco no rural, durante a vixencia do Convenio.

É evidente pois, que a achega económica da Amtega ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público, de acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto, considérase de gran interese a colaboración das partes asinantes, non sendo posible promover a concorrencia pública resultando, polo tanto, de aplicación o artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

*A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, (DOUE 24/12/2013, L352/1).*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o carácter oneroso das actuacións obxecto do convenio, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

